



PUNTO FINAL ÁS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA HELENA VILLAR

Enviado por [admin](#) [1] o Lun, 06/17/2024 - 10:19
[Animación á lectura](#) [2] [Curso 23_24](#) [3]

O pasado 5 de xuño, realizouse o último dos *Encontros lectores* por este curso, co que se aproveitou para despedir tamén o programa *Lectura e familias*.

Unha xuntanza de máis de cincuenta persoas na que as nenas e os nenos comentaron as súas impresións a partir dos libros *Cando chega o outono* (Rey Noya, M.; Aira editorial) e de *Sobremesas sobre versos* (Castro, R.; Ed. Galaxia). É dicir, dúas lecturas que nos falan do paso do tempo e de como hai que axustar sempre as nosas vidas segundo as circunstancias; pero que, ao cabo, esas experiencias e recordos vannos definindo como humanos.

Contamos coa presenza de Raquel Castro, a autora de *Sobremesas sobre versos* quen comentou o proceso creativo deste libro; e de Antonio e Loles, membros de AGADEA, que nos falaron da súa convivencia coa enfermidade do Alzheimer.

Rematamos saboreando as receitas que a avoa Sica, nos deixou no libro de *Sobremesas sobre versos* e, sobre todo, coa ilusión de que o vindeiro curso haxa máis lecturas que compartir.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/620>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/33>

[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/82>